

Vou morrer. Esa é a verdade.

E ti sábelo mellor ca ninguén.

Só teño... **cantos?**, doce anos... para min foi difícil aceptalo. Tiven que ter valor. Pero agora a miña... como se **di cando estás en crise?**... preocupación é outra, a de non conseguir chegar ata o final.

Porque (ti tamén o sabes) **esta** é unha historia longa e complicada, e entretécese coma eses **cousos**... cestos de *chambira* que a vella tecelá do mercado nos ensinou mentres nos enchía a cabeza **diso que se canta**... cancións e lendas da xungla, e eu choraba polo meu pobre *walkman*, que xa non funcionaba.

En fin. Espero **conseguido**, é dicir, conseguir chegar ata o final, ata o mesmo final.

Se puidese deixaríache a ti a... **como cando tes que facer algo**... tarefa, de feito sería bo, porque acabariamos antes... Pero coido que aínda non as oes. As voces. Non as oes. Pero eu si. Daquela, tócame a min facer... **como se di?**

Así que o vou intentar.

Pero non me abandones. Queda preto de min.

Promételo?

Ti e mais eu, coma sempre.

Xuntos ata o final.



PRIMEIRO ESPÍRITO O CRISTO POBRE

*Lima, O Perú
maio de 1986*





Aquela noite fun cazar á selva.
Corrín durante horas ás escuras e entre as árbores,
ata que cheguei a unha rocha que dominaba a chaira.

No alto vin un cóndor da selva,
as súas plumas eran estrelas de prata.

A ave peteiroume e berrou:

“Está comezando! Está comezando!”

“O que, cóndor?”

“A historia. Comeza nun lugar recuado.

Tres espíritos protexeranos,
pero agárdanos moitos perigos.”

Eu non entendía.

“De que estás a falar?”

O cóndor non respondeu e foise voando, veloz,
coma un pensamento esquecido.

Quedei só e lancei o meu ruxido á Lúa.



Cando entramos nos Barrios Altos, o condutor subiu as xanelas e bloqueou as portas. A calor fíxose sufocante, ata que chegou o asubío do aire acondicionado.

O señor Tanaka sorriu. Mamá, en cambio, apertoume a man. Chámase Outi, que é un nome finlandés, porque nós somos de Finlandia. En cambio, o señor Tanaka é xaponés, e é o secretario do meu pai. Aquela mañá debería acompañarme el (no último momento houbera un problema na embaixada e non puidera vir).

Mamá anoxárase moito, e agora tamén estaba nerviosa, porque murmurou:

–Realmente fai falta bloquear as portas? Angústiame.

–Este é un distrito perigoso –explicou o señor Tanaka–. Pero segundo o profesor De la Torre ten o mellor hospital neurolóxico de todo O Perú.

Mamá quedou calada, pero eu sabía que non estaba contenta. A idea de que a súa filla Laila, é dicir, eu, fose ingresada nun hospital peruano non lle facía moita grazza. Se fose por ela, montaríame decontado nun avión con destino a Europa, ou ós Estados Unidos, onde tiñan «os mellores tratamentos».

Pero De la Torre insistira. Viñérame visitar moitas veces á casa, mandárame facer unha morea de probas, e agora había que ingresar nun hospital. Era o director do Santo Toribio de Lima, e prometera que alí estaría en óptimas mans.

Ó final os meus pais deixáranse convencer, quizais porque tiña razón o profesor, ou quizais porque mandarme ó estranxeiro supoñía o risco de estragar a carreira de meu pai (a nosa familia tiña «responsabilidades»).

Entrementres miraba para a rúa, os automóviles coas xanelas pechadas, as casoupas escangalladas, as caras que me miraban dende a beirarrúa.

Tiña medo, así que apertei máis o meu adorado bolso cos osiños bordados, malia saber que son grande de máis para ter un bolso así, pero era o meu amuleto da sorte, e nunca me separaba del. Dentro había tres libros que o señor Tanaka escollera para min, escritos nas tres linguas que coñezo. Un en finés, que é a lingua do meu pai e da miña nai. Un en inglés, que aprendín no colexio. E un en castelán, que aquí, en América do Sur, fala todo o mundo (máis ou menos).

O señor Tanaka, pola súa banda, custodiaba a maleta de coiro coas miñas outras cousas: o cepillo de dentes, o xabón e o xampú de lavanda, un par de zapatillas, roupa interior, dous camisóns de cor celeste e tres pixamas tamén de cor celeste, porque é a miña cor favorita.

Facían falta todos eses libros e pixamas porque ía quedar bastante tempo no hospital.

–Non te preocupes –dixo mamá–. Se non che gusta, buscamos outro sitio.

Parecía máis asustada ela ca min.

O coche tomou a calle de las Maravillas e decateime de que a parede da esquerda era a do hospital. No medio abríase un arco cun portal vermello, coma unha lingua no medio dunha ringleira de dentes sucios.

–Paro aquí? –preguntou o condutor.

–Ai, non, non –implorou a miña nai–. Na beirarrúa non, que nos poden ver.

–A señora ten razón –interveu o señor Tanaka–. Dá a volta, que na parte de atrás debe de haber unha entrada para as ambulancias.

Demos a volta en dirección ó río, despois metémonos pola calle Amazonas e alí había, efectivamente, unha cancela de ferro con dous homes que facían garda.


Apresuráronse a abrir, quizais impresionados pola matrícula diplomática, e axiña nos atopamos nun aparcadoiro de cemento. Arredor, moitos edificios pequenos e cadrados, dun só andar, co tellado plano.

A miña nai parecía moi preocupada. O señor Tanaka, coma sempre, sorriu.

–Un momento –dixo.

Levantou o seguro e saíu a unha bafarada de calor.

Eu aproveitei para observar mellor o aparcadoiro. No outro lado había un xardín rodeado dunha sebe baixa de plantas con follas avermelladas e unha bonita pérgola de buganvíleas. Xusto entre as casiñas que formaban o hospital.



A FLOR PERDIDA DO XAMÁN DE K.

Pregunteime se me darían permiso para estar alí, de cando en vez, á sombra.

O señor Tanaka volveu ó cabo dun anaco co profesor De la Torre e un séquito de médicos en bata branca.

–Vai todo ben –murmurou mamá.

Abrín a porta, e a calor parecía o alento dun monstro.

Vamos darlle ó monstro o que merece, Laila, díxenme, e saín agarrando con forza o bolso, que parecía moito máis pesado ca antes.


De la Torre saudoume en castelán, facendo bromas, coma se fose a súa mellor amiga, mentres os outros médicos asentían en silencio.


Guiáronnos ó patio principal do hospital, onde había moitos parterres cunha fonte moi grande no centro. Estaba rodeada por un anel de herba e pola típica sebe avermellada, mentres outras sebes, de buxo, estaban podadas con formas estrañas (unha parecía Mickey Mouse).

Os edificios, a ambos os dous lados do xardín, tiñan amplas fiestras e pórticos con bancos, mentres que ó fondo había un terceiro edificio co arco da entrada polo que non quixera pasar a miña nai. Alí diante, outros gardas vixiaban as entradas.

No cuarto lado do xardín, onde chegáramos nós, había unha capela co tellado acabado en punta.

–Pediatría está xusto aquí –dixo De la Torre, e sinalou o edificio qu





Aparcamiento

Pacheco

Capela

Paróquia de mulheres

Sala de visitas



Armazém
para enfermeiros
e médicos

Administração

Biblioteca

...e tínhamos á direita. A

porta estava aberta, así que entramos.

A unidade de Pediatría era unha única estancia grande coas paredes de azulexos azuis e dúas fileiras de camas brancas.

Nunha primeira ollada vin: unha nena coa cara contraída nun aceno de dor, un neno en cadeira de rodas e unha enfermeira atarefada dándolle de comer a un rapaz que bababa sobre a saba.

Sentín que un nó me atenazaba o corazón. Durante un tempo ía vivir alí. Parecíame imposible. Aquel lugar non tiña nada que ver comigo.

–Quero irme –murmurei.

Prometera non queixarme, pero escapoume. Por sorte, a miña nai estaba tan alterada que non oíu nada. Pero o señor Tanaka si. El sempre oía todo.

Volveuse cara a min cun sorriso de ánimo.

–*Ganbarimasu* –murmurou.

É unha palabra xaponesa que significa «imos facelo o mellor que poidamos», pero tamén «ánimo», e «afrontemos o que nos espera da mellor maneira posible». Un bo desexo, en definitiva, e repetino en voz baixa.

Ganbarimasu.

Ánimo, Laila, porque de todos os xeitos non hai volta atrás.